

CONTIDOS E ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Con carácter discrecional propóñense as seguintes orientacións

1. CONTIDOS XERAIS

Con carácter xeral, os contidos das ABAU de Portugués teñen como obxectivo básico e xeral a comprensión e o dominio do portugués falado e escrito nun nivel medio. Especificamente, os contidos teñen que orientarse á comprensión dun texto descoñecido de carácter coloquial, formal ou literario, mais que non debe incluír un vocabulario especializado. Enténdese que non debe marcarse un programa de contidos moi pormenorizado mais que os textos deben ter relación coa arte, a historia, a literatura, a política, a economía, a vida social e cultural, etc., dos países de lingua oficial portuguesa, visando integrar o estudo da lingua no contexto socio-cultural deses países. O estudantado ten que familiarizarse con diferentes niveis da lingua portuguesa: culto, formal, familiar etc., sen entrar no estudo de rexistros especializados e partir da situación lingüística e cultural galega e a súa proximidade con estes países.

2. CONTIDOS ESPECÍFICOS

2.1. No segundo curso de bacharelato, o/a estudante debe adquirir unha corrección alta da lingua escrita e unhas destrezas que lle permitan un uso creativo da lingua. Requirirase o dominio dos elementos morfossintácticos básicos.

2.2. Dominio dos aspectos relevantes do discurso: coherencia expositiva, cohesión dos elementos que interveñen no discurso, organización de ideas e planificación do discurso expositivo, argumentativo, instrucional etc.

2.3. O estudantado debe adquirir destrezas básicas para poder expresar calquera tipo de opinións. Debe saber explicar unha situación, predicir, facer hipóteses, expresar dúbidas e probabilidades, argumentar etc. Débese insistir na necesidade dunha reflexión e dun control da produción escrita. O estudantado ten que saber reconducir as súas estratexias discursivas e evitar as imprecisións contextuais. Debe expresarse con corrección utilizando adecuadamente as regras gramaticais.

2.4. O estudantado debe adquirir a habilidade de interactuar en situación comunicacionais de dificultade media.

3. METODOLOXÍA

3.1. Recoméndase utilizar os recursos didácticos que cada profesor/a, no uso da súa responsabilidade e profesionalidade, estimar máis convenientes. Non se pretende delimitar ningunha técnica de ensino concreta.

3.2. Recoméndase de forma específica, e coa finalidade práctica de preparar as probas de selectividade, habituar o estudantado a ler os textos máis dunha vez.

Elias J. Torres Feijó,

coordinador da materia